

NADAL DE LIBROS: AS LECTORAS E OS LECTORES RECOMENDAN



<http://biblioquioga.blogspot.com.es/>

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUITROGA. Decembro 2016



<http://biblioquioga.blogspot.com.es/>


TROVADORES CONTEMPORÁNEOS:

NO MUNDO

Bob Dylan, Nobel de Literatura 2016


O feito de que lle fose concedido o Nobel de Literatura este ano (pese á polémica posterior, e á súa actitude ao respecto), non deixa de ser a proba definitiva da relación que existe entre as letras das cancións de autores/as de calidade e outros xéneros literarios, especialmente a poesía.

Varias cancións súas ilustradas están ilustradas neste libro




A voz poética de Leonard Cohen

O cantautor americano falecido recentemente, non só deixa un legado de pezas musicais para a historia, con letras de calidade: comezou a súa relación co mundo das artes como escritor (publicou obras de poesía e novelas). A súa elegancia e a súa actitude vital fixeron que fose considerado sempre “o cabaleiro das letras”.




Patti Smith

Coñecida como “a madriña do punk”, pola súa rebel-día e seu estilo musical, esta cantautora e poeta estadounidense foi a persoa que recolleu o galardón que a Academia sueca lle concedeu este ano ao seu amigo Bob Dylan. Entre a emoción e os nervios, interpretou unha canción do homenaxeado, de quen di que foi a súa referencia para dedicarse á música e á literatura.



María Bethânia

A brasileira recibiu o título de doutor *honoris causa* da Universidade Federal de Baía, en recoñecemento á súa voz e á súa poesía, e pola súa laboura de divulgación e preservación do patrimonio inmaterial.



A LITERATURA E A MÚSICA

EN GALIZA E NO NOSO IES

O silencio de NARF

A desaparición do compositor e guitarrista Fran Pérez, Narf, deixou a música e a cultura galegas sen un referente contemporáneo. Ademais dos seus discos en solitario, fixo colaboracións con outros artistas (por exemplo, con Uxía, *Baladas da Galicia imaxinaria*) e recreou os textos literarios de Rosalía de Castro no disco *Nas tardes escuras* (dispoñible na nosa biblioteca).



ELAS TAMÉN TEÑEN MOITO QUE DICIR...

Guadi Galego e **Sés**, con traxectorias musicais moi destacables, están presentando cadanseu disco; e estes días foi tamén noticia **Uxía Senlle**, nominada aos premios Goya na categoría de mellor canción orixinal pola súa interpretación da peza “Muerte”, da compositora do Saviñao Zeltia Montes.

MINI E MERO estiveron no noso instituto dando un concerto, para conmemorar o Día das bibliotecas. Os dous históricos cantautores da música galega (FUXAN OS VENTOS, A QUENLLA), presentaron e interpretaron pezas da tradición popular e poemas autores galegos, entre eles algún de Díaz Castro e de Manuel María (podedes ver fotos no facebook e na páxina web).

